



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

CONCELLARÍA DE IGUALDADE

Estimadas señoras,


Compráceme ofertarles, en colaboración co Consello da Xuventude de Galicia, o **“Obradoiro de Saúde para mulleres inmigrantes”**, que ten como obxectivo xeral, promover e mellorar a saúde das mulleres inmigrantes, contribuíndo á redución das inequidades de xénero, e permitirles ás mulleres inmigrantes, o acceso á información e aos recursos materiais en materia de saúde.

Este obradoiro desenvolverase o día **24 de novembro, das 10.00 ás 13.00 horas**, no **Centro Sociocultural e xuvenil municipal “O Ensanche”** (Rúa Frei Rosendo Salvado, nº 14-16). De ser necesario, e se o número de mulleres anotadas fora moi elevado, realizárase outro segundo obradoiro o día 26 de novembro.

Se dentro da súa asociación hai algunha muller inmigrante e está interesada en asistir a este obradoiro, ou ben coñecen algunha muller nesa circunstancia, poden formalizar a súa solicitude na *Concellaría de Igualdade* sita na rúa Isaac Díaz Pardo 2-4, ou ben a través do número de teléfono 981 542 465.

Sen outro particular, e agardando que esta actividade sexa do seu interese, reciban un cordial saúdo.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2009.

  
Mari Martín García  
Concelleira delegada de Igualdade

